



**Resolución da Axencia Galega de Innovación, pola que se acorda manter a operatividade dos formularios normalizados correspondentes ás axudas convocadas polas Resolucións do 23 de decembro de 2019 (DOG nº26, do 7 de febreiro de 2020), códigos de procedemento IN848C e IN858A**

A resolución do 23 de decembro de 2019 (DOG nº 26, do 7 de febreiro de 2020) establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de persoal tecnólogo para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Principia), e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN848C).

A resolución do 31 de decembro de 2019 (DOG nº 26, do 7 de febreiro de 2020) establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (Programa Talento Sénior), e procédese a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN858A).

Conforme ao establecido no artigo 7 das citadas bases reguladoras os prazos de presentación de solicitudes rematará os vindeiros 7 e 8 de abril, respectivamente.

De conformidade co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aplicable a todos os procedementos, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo no apartado 3, do mesmo, establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manfeste a súa conformidade.

Polo que antecede, con fin de acadar o obxectivo de ambas axudas, é dicir, estimular a demanda no sector público e privado de persoal suficientemente preparado e altamente cualificado, respectivamente, para acometer proxectos de I+D+i en Galicia así como que os interesados poidan continuar coas xestións necesarias que lles permitan atopar ao dito persoal,

**RESOLVO:**

Primeiro.- Manter operativos os formularios normalizados de solicitude correspondente aos procedementos seguintes:

IN848C: axudas para o fomento da contratación de persoal tecnólogo para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Principia)





IN858A: axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (Programa Talento Sénior)

permitindo que os interesados, que así o desexen, poidan seguir presentando as súas solicitudes ata 15 de maio, sen que isto supoña a continuación do procedemento.

Segundo.- De acordo co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, o cómputo dos prazos destes procedementos reanudarase no momento en que este decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas perdan vixencia.

Santiago de Compostela,  
A directora de GAIN  
Patricia Argerey Vilar  
(asinado dixitalmete)

